

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 20 DE FEBREIRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de febreiro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 13 de Febreiro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-

“Vista a solicitude de **dona Lorena Crespo Pérez**, de data 23.01.06, con domicilio na rúa Grande, nº 14, San Cristovo, desta vila, na que interesa as condicións urbanísticas da finca sita na rúa Grande Interior (Rúa Pequena), San Cristovo, con ref. Catastral 14.47.6-14, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 17.02.06, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello corresponde ás NNSSM publicadas no BOP Nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Consta informe de condicións de aplicación ó PERI por parte da Consellería de Cultura, de data 6 de maio de 1995.

Informe da Dirección Xeral de Urbanismo de data 30 de agosto de 2000.

Aprobación definitiva do PLAN ESPECIAL do CASCO ANTIGO de SAN CRISTÓBAL, do 18 de setembro de 2000, DOGA Nº 218 do 10 de novembro de 2000.

Este ordenamento supédítase á “Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

1. As Condicións Urbanísticas solicitadas, segundo escrito de 23 de xaneiro de 2006, RE Nº 355, corresponden á parcela con Referencia Catastral 14.47.6-14.

2. Corresponde a Solo Urbano, regulado por a Ordenanza C.U. (CU-II)
  - 2.1. Segundo o Plano Nº 3, “PROXECTO”, a escala 1: 1.000, onde se zonifican as áreas de aplicación das ordenanzas, cumprimentado por o Plano Nº 3 “PROXECTO” a escala 1: 500.
3. É de aplicación a Ordenanza C.U: Conxunto Urbano, con preservación parcial de carácter; así como disposicións xerais da Consellería de Cultura.
4. Dos datos de valoración das fichas, establece en “GRADO BAIXO”.

BAIXO-“Corresponde a aqueles edificios que producen a coherencia e harmonía formal que caracteriza o casco de San Cristovo”.

5. Axúntase co presente informe:

- a) Plano Catastral.
- b) Plano PERI Alienacións; E 1: 500.
- c) Plano PERI Ordenación e Xestión, E 1: 1.000.
- d) Disposicións de Cultura
- e) Reportaxe Fotográfica”

“Vista a solicitude de **don Luis Fernández Regueiro**, de data 12.12.05, con domicilio na rúa Regueiro, nº 2, San Cristovo, desta vila, na que interesa informe urbanístico da finca sita na rúa Regueiro, nº 2, San Cristovo, con ref. Catastral 14.46.2-14, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 17.02.06, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello corresponde ás NNSSM publicadas no BOP Nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Consta informe de condicións de aplicación ó PERI por parte da Consellería de Cultura, de data 6 de maio de 1995.

Informe da Dirección Xeral de Urbanismo de data 30 de agosto de 2000.

Aprobación definitiva do PLAN ESPECIAL do CASCO ANTIGO de SAN CRISTÓBAL, do 18 de setembro de 2000, DOGA Nº 218 do 10 de novembro de 2000.

Este ordenamento supéditase á “Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

1. As condicións urbanísticas aplicables, son as que sinala a Ordenanza 2.1 C.U. Conxunto Urbano, con preservación parcial de carácter, así como condicións xerais da Consellería de Cultura.

2. Segundo o Plano Oficial do PERI de San Cristovo, ORDENACIÓN E XESTION, a E :1.000, corresponde a CU-II.
3. Axúntase co presente informe:
  - a) Plano Catastral.
  - b) Plano Alienacións PERI; E 1: 500.
  - c) Plano Ordenación e Xestión PERI, E 1: 1.000.
  - d) Ordenanza 2.1, C.U.
  - e) Condicións Xerais da Consellería de Cultura.
  - f) Reportaxe Fotográfica.”

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

“ Vista a solicitude de **don Amadeo Santiago Amil Rodríguez**, de data 13.02.06, con domicilio na rúa Cano, nº 30, Francelos, desta vila, coa que acompaña escrito coa ubicación das sepulturas onde se atopan enterrados os seus familiares, sitas no socalco segundo lado dereito, e escrito firmado polos seus irmáns autorizándoo a facerse cargo das mesmas, e na que interesa a autorización para facerse cargo delas e pagar os correspondente recibos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación presentada, acorda outorgar ao interesado a concesión do uso das sepulturas do socalco segundo lado dereito, polo que a partir de presente data os recibos correspondente ás sepulturas xirarase a nome de don Amadeo Santiago Amil Rodríguez, agora ben, este concesión de uso non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre o sepultura en cuestión.”

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Deputación Provincial de Ourense (Servizos Sociais), de data 15.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 17.02.06, polo que se comunica unha alta no servizo de teleasistencia domiciliaria.”

“Auto do Xulgado Contencioso-administrativo núm. 1 de Ourense, recaído no recurso 254/05, no que se acorda denegar a suspensión cautelar do acordo do Concello de ribadavia de data 10 de agosto de 2005.”

“Escrito da Consellería de Medio Rural, de data 09.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 16.02.06, polo que se roga ao Concello que, en virtude do Convenio asinado en xaneiro de 2005 pola FEGAMP, a Consellería de Medio Ambiente e esta Consellería, poña a disposición dos seus veciños os equipos informáticos e medios complementarios necesarios para facilitarlles a consulta da identificación, usos e superficies

agrarias das parcelas que van ser obxecto das solicitudes de axuda, especialmente nos meses de febreiro e marzo do 2006.”

“Escrito da Subdelegación do Goberno de data 10.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 20.02.06, polo que se axunta para o seu coñecemento e aos efectos correspondentes no ámbito das competencias do Concello copia do escrito de denuncia polo funcionamento irregular do establecemento sito no número 7 da rúa Oliveira, desta vila.”

“Escrito da Dirección Xeral de Urbanismo, de data 15.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 20.02.06, polo que se achega copia da resolución do director xeral de Urbanismo, de 14.02.06, polo que se acorda requirir a don Nemesio Fernández Soto para que no prazo de tres meses presente a solicitude da preceptiva autorización autonómica, previa á concesión de licenza municipal, para a legalización dos movementos de terras e construción de muros de contención executados no lugar do Paraviños, Franqueirán, no Concello de Ribadavia, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.”

## **5.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.-**

“En relación coas subvencións e axudas a mozos menores de 35 anos para aluguer de vivendas no Casco Histórico, a Xunta de Goberno Local, vista a solicitude e documentación obrante no expediente, por unanimidade, acorda conceder a seguinte subvención correspondente ao ano 2005:

Don Daniel Vega Reguera, con domicilio na Praza Buxán, nº 1-1º, desta vila, por importe de 420 euros.”

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.